

## **A COMER O MUNDO!**

Paula, a mestra, daba unhas clases divertidas e explicaba cousas interesantes. A escola era multicultural e os alumnos tiñan orixes diversas.

- Dependendo do país, podemos comer nunha mesa con cadeiras arredor ou no chan nunha esteira\*, como no Xapón, ou nunha alfombra, coma nos países árabes. E non todos empregan o coitelo e o garfo\*. No Xapón e na China usan paus e, nos países árabes, adóitase comer coa man dereita.
- Igual ca o meu irmán pequeno! Come sempre coas mans!- exclamou Lupita e todos riron.
- Os horarios tamén vos son ben diferentes. Os arxentinos están entre os que máis tarde cean. Os ingleses, os finlandeses e os xaponeses adoitan ser os primeiros; cean ás cinco da tarde- continuou a mestra.
- Pero se esa é a hora da merenda!- interrompeu Hassan.
- Algunhas maneiras tamén nos chaman a atención. En Inglaterra recomendase non pousar os cóbados sobre a mesa e deixar as mans no colo ao acabar. En cambio, en México non se poden poñer as mans debaixo da mesa. E nalgúns países está ben visto eructar ao acabar de comer.

Xurxo! Nin o intentes!- advertiulle a un alumno que estaba a punto de agasallalos co seu mellor eructo.

- Na China recoméndase non acabar a comida do prato. En países como Alemaña, deixar comida no prato pode considerarse como un malgasto.
- Eu vou máis cos alemáns!- exclamou Xurxo.
- E non todos comen o mesmo, aínda que sexa comestible. Por exemplo, os lagartos existen en moitas partes do mundo, pero non son aceptados como comida por moitas persoas.

Todos puxeron cara de noxo\* e fixeron espaventos\*

- Non entendo este rebumbio, vós ben que comedes as cigalas e parecen arañas!- dixo Lili, que era de orixe chinesa.
- Se ti me convidas a lagartos, eu convídote a cigalas na casa da miña avoa!- propuxo Xurxo
- A miña avoa o que fai moi bo é o cuscús!- dixo Hassan.
- Que é o cuscús?- preguntou Lili.

- Unha pota con garavanzos, verdura, carne de aña e de polo. Co caldo cócese a sémola de trigo, que é o cuscús.
- Se a túa avoa convida a cuscús, tamén podes vir comer cigalas- propúxolle Xurxo.
- Ben, pero eu non quero comer lagarto- avisou Hassan.

Todos riron coa advertencia.

- Moitos alimentos que nos parecen exóticos, dentro duns anos poden ser habituais na nosa dieta, como pasou coa pataca, co tomate ou co kiwi- explicou a mestra.
- Cos lagartos tamén vai pasar o mesmo? Onde os van vender, na carnizaría o una peixaría?- preguntou Xurxo con curiosidade- . Eu xa teño ganas de probalos.
- Ti, Xurxo, serías quen de comer o mundo!- dixo a mestra.

*GEMMA PASCUAL*

\*esteira: especie de alfombra; esterilla

\*garfo: tenedor

\*noxo: asco

\*espaventos: mostras esaxeradas de espanto

1. Cal é o tema de conversa entre a mestra e os seus alumnos?

2. Como reaccionan os alumnos ao oír que o lagarto se come? Por que?

3. Quen non se estraña de que o lagarto sexa comestible?

Con que alimento compara o lagarto?

4. Gustouche o relato? Que aprendiches del?

5. Gústache probar comidas novas?  
estraña que tes probado?

Cal é a comida máis